

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE MARZO DE 2010.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as once horas do día dezaseis de marzo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 22 de febreiro de 2010.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUD DE D^a PURIFICACION REGO VARELA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO DE AUTOSERVICIO DE ALIMENTACION E CARNICERIA.

Vista solicitude de D^a Purificación Rego Varela con DNI 76.556.026-C con domicilio en Carballás, 7 (27870 Xove) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Avda. Diputación, 35 Baixo (Xove), que en la actualidade figura a nome de D^a Purificación Rego Varela para que figure como novo titular JOSMARY CELEIRO C.B.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta o seguinte:

“Cambio de titularidade de licenza de apertura de Establecemento. Autoservicio de Alimentación e Carnicería.

- *Expediente: 347/10*
- *Titular actual: Dona Purificación Rego Varela.*
- *Cambio a favor de: JOSMARY CELEIRO C.B con CIF: E27334002*
- *Solicitante: Dona Purificación Rego Varela con DNI.-76556026c*
- *Situación da Licenza: AVDA DIPUTACION N° 35 BAJO.-XOVE*
- *Data concesión : 25 de noviembre de 1992*

INFORME:

1º. -De acordo coa solicitude de cambio de titularidad de licenza de apertura de establecemento como AUTOSERVICIO DE ALIMENTACION Y CARNICERIA, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contra incendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.

2º. *-Acompáñase licenza municipal a favor de DONA PURIFICACION REGO VARELA, así como a firma de consintemento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervinintes.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

- 1º) Autorizar o cambio de titularidade de apertura de establecemento de autoservicio de alimentación e carnicería sito en Avda. Diputación, 35 baixo (Xove) os efectos de que sexa substituído como titular *JOSMARY CELEIRO C.B. con CIF E27334002.*
- 2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.2) SOLICITUD DE Dª MARTA MARÍA CAZÓN NIETO E Dª SILVIA ALEJANDRA AGUIRRE RODRIGUEZ, EN REPRESENTACIÓN DE MARAL S.C, DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECEMENTO DE PANADERIA EN XOVE.

Vista solicitude de Dª Marta María Cazón Nieto e Dª Silvia Alejandra Aguirre Rodríguez, en representación de MARAL S.C con CIF.-J27403542, con domicilio en Urbanización Palmeiro, 35 5ºA (27879Rigueira) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Rúa Dr. José Baamonde Illade.-Xove que na actualidade figura a nome de D. José Antonio Fernández Fra para que figure como novo titular MARAL S.C. con CIF.-J27403542.

Visto así mesmo que con fecha 4 de abril de 1986 expediuse a licenza municipal para apertura de panadería a D. José Antonio Fdez. Fra.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta o seguinte:

“CAMBIO DE TITULARIDADE DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PANADERIA.(Fabricación de pan e bolos).

- *Expediente: 613/10*
- *Titular actual: D. José Antonio Fernández Fra.*
- *Cambio a Favor de: MARAL S.C CIF: J27403542*
- *Solicitante: Dª Marta María Cazón Nieto e Dª Silvia Alejandra Aguirre Rodríguez, en representación de : MARAL S.C con CIF.-J27403542*
- *Situación: Rúa Dr. José Baamonde Illade.-Xove*
- *Data de concesión de Licencia: 04 de abril de 1986*

INFORME:

1º. *-De acordo coa solicitude de cambio de titularidad de licenza de apertura de establecemento para panadería- fabricación de pan e bolos, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contra incendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.*

2º. *-Acompáñase licenza municipal a favor de D. José Antonio Fernández Fra, así como a firma de consintemento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervinintes.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

- 1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de PANADERIA.(Fabricación de pan y bolos) sita en Rúa Dr. José Baamonde Illade.-Xove para que sexa substituído como novo titular MARAL S.C con CIF.-J27403542 (Dª Marta María Cazón Nieto e Dª Silvia Alejandra Aguirre Rodríguez)

2º Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.3) SOLICITUDE DE D. LUIS IGNACIO HERMOSO DE MENDOZA RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR UBICADA EN REBOREDO-XUANCES.

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D. Luis Ignacio Hermoso de Mendoza con DNI: 51.662.799-S con domicilio en Plaia de Area, 56 (27850Viveiro) de *prórroga de licencia de obra* construcción de vivenda unifamiliar ubicada en Reboredo-Xuances .Expediente nº: 636/10

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- 1º.-O solicitante obtivo a pertinente licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, de acordo co proxecto redactado polos arquitectos D. Emilio Casariego Baamonde y Dona Belén Rodríguez Díaz, en Xunta de Gobierno local deste Concello ó día 06 de febreiro do ano 2.007.
- 2º.-Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se situa a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización das obras que a están executando, ao amparo do articulo 197.2 da Loupmrg da lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.
- 3º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento.
- 4º.-Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que ás obras que se pretenden executar, situanse en ambos os dous casos dentro de Solo do Núcleo rural de Xove, e a mesma se encontra totalmente ejecutada no que ao seu volumen e cerramentos se refire, así coma a cuberta da mesma, polo que pódese outorgar a prórroga da licenza que se solicita
- 5º.-Esta prórroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.

Pola Xunta de Gobierno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión de prórroga por un prazo non superior ós 3 anos, a D. Luis Ignacio Hermoso de Mendoza para a construción de vivenda unifamiliar ubicada en Reboredo-Xuances.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.4) SOLICITUDE DE D. JOSE ANTONIO PERNAS VIGO PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN PORTOCELO. -XOVE.

Vista solicitude formulada por D. José Antonio Pernas Vigo con D.N.I. nº: 33.992.919-T con domicilio en c/Pardo Bazán, 20 2º Izda. (27880 Burela) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura sita en Portocelo. Expediente: 509/10

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

- Asunto: Solicitude de licenza de 1ª utilización
- Solicitante:D. Jose Antonio Pernas Vigo.-
- Edificación: Vivenda Unifamiliar.

- Situación: Portocelo. -Xove
- Arquitecto: D. Ramón Leal Barcia.
- Arquitecto Técnico: D. Pablo Dorado Lanza.-
- Data Licenza: 06 de Febreiro de 2.007
- Expediente Licencia Obra: 205/07

Obra prevista en proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar en Portocelo.-Xove. Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura.

Obra executada: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licencia outorgada.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Certifico: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de aplicación. -Solo non Urbanizable de Núcleo Rural. - A obra executada, adáptase a Normativa. - Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.

OBSERVACIÓNS: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, para D. José Antonio Pernas Vigo de vivenda sita en Portocelo, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada segundo a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 455,89 €.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.5) SOLICITUDE DE D. JOSE ANTONIO PERNAS VIGO RELATIVO A CONSTRUCCION DE MURO DE PECHE PARA FINCA SITA EN PORTOCELO.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Jose Antonio Pernas Vigo con D.N.I nº: 33.992.919-T con domicilio en C/ Pardo Bazán, 20 2º Izda (27880 Burela), para realización de obras de construción de muro de peche de finca de 30 metros de lonxitude en Portocelo.-Xove. Expediente: 508/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- 1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove.Articulo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de Veiga.

- 2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o muro que se pretende, ubicase en ambosos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A parcela o encontrarse dentro da zona de Protección de Costas, e Deputación, dispón do pertinente permiso de ambas administracións, que se axuntan co presente informe. Condicións do muro de acordo con Artigo 42.1.C.
- 3º.-O peche que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.
- 4º.-Farase a construción en mampostería concertada ou bloque de formigón branco ou pintado. En calquera dos casos deberá realizarse cos materiais tradicionais do medio rural no que se localiza.
- 5º.-Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.
- 6º.-As obras que se solicitan, respetarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais adaptándose as prescricións municipais.
- 7º.-Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo, sen a cal non terá validez a licenza.
- 8º.-de acordo coas especificacións anteriores, e sen prexuízo de terceiros, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 4.000,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 80,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 1 mes, e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.6) SOLICITUDE DE D^a. MARÍA JOSE CASABELLA ROLLE, RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA GARDAR APEROS DE LABRANZA EN REGOSANGUENTO.-XOVE

Vista solicitude formulada por D.^a María José Casabella Rolle con D.N.I nº: 33.998.662-Q con domicilio en c/Agramonte, 16 (27870 Xove), para realización de obras de construción dun galpón para gardar aperos de labranza de 5,00 x 4,50m, en Regosanguento.-Xove.

Expediente: 703/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- 1º.-De acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Protección Agrícola.
- Artigo 108. de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove.
- Solo Rústico de Protección agropecuaria Artigo 32.2.A de acordo coa Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia.
- 2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o galpón que se pretender, ubicase en ambos os dous casos dentro de Solo Rústico de Protección Agropecuaria, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.
- Edificación inferior a 25 m/2.
- Altura máxima da edificación: 3,50 metros.-
- Bloque de formigón branco ou pintado.
- Cuberta de lousa.
- Carpintaría exterior de aluminio ou madeira.
- Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela, haberán de garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
- Asemade deberase dispoñer de vial de acceso á parcela en que se pretende encravar a edificación.
- Respetarase no deseño da edificación, a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 42 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de Protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- O uso da edificación adaptarase exclusivamente ao solicitado.
- O promotor das obras deberá solicitar o pertinente permiso a Diputación provincial, toda vez que esta parcela da frente a un vial dependente desta Administración.
- Durante a execución dos traballos, tomásense por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitátese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de reformulo, coas distancias correspondente o vial de acceso e os retranqueos a lindeiros.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo

pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 13.432,80€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 268,66€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D. 1) AXUDA DE GANDERÍA A D. SUSO E PALMA S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Suso e Palma S.C., con C.I.F. nº J 2736281, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 – Rigueira), por morte de unha xata, por importe de 300,00€

D. 2) AXUDA DE GANDERÍA A D. SUSO E PALMA. S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Suso e Palma S.C., con C.I.F. nº J 2736281, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 – Rigueira), por morte de unha vaca, por importe de 300,00€

D. 3) AXUDA DE GANDERÍA A D. SUSO E PALMA. S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Suso e Palma S.C., con C.I.F. nº J 2736281, con domicilio en Ferro, 1 (27879 – Rigueira), por morte de unha xata, por importe de 400,00€

D. 4) AXUDA DE GANDERÍA A DÑA. MANUELA EIJO BALSEIRO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dña. Manuela Eijo Balseiro, con D.N.I. nº 33.836.075 Q, con domicilio en Soutovello, 4 (27879 – Monte), por morte de un xato, por importe de 120,00€

D. 5) AXUDA DE GANDERÍA A DÑA. MARIA TERESA PALEO RIVEIRA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda

según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dña. María Teresa Paleo Riveira, con D.N.I. nº 77.591.671 K, con domicilio en Vilariño, 5(27879 – Monte), por morte de un xato , por importe de 120,00€

D. 6) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ LOUZAO QUELLE .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Louzao Quelle, con D.N.I. nº 33.797.552 H, con domicilio en Carballas, 7 (27870 – Xove), por morte de un xato, por importe de 300,00€

D. 7) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ LOUZAO QUELLE .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Louzao Quelle, con D.N.I. nº 33.797.552 H, con domicilio en Carballas, 7 (27870 – Xove), por morte de unha xata, por importe de 300,00€

D. 8) AXUDA DE GANDERÍA A D. DAVID ANSELMO COCIÑA MEITIN .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. David Anselmo Cociña Meitín, con D.N.I. nº 77.594.179 E, con domicilio en Avda. Diputación, 68 (27870 – Xove), por morte de un xato, por importe de 120,00€

D. 9) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARIA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a. María Lourdes Domínguez Bermúdez, con D.N.I. nº 33.302.107 Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27878 – Sumoas), por morte de unha vaca, por importe de 300,00€

D. 10) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARIA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Lourdes Domínguez Bermúdez, con D.N.I. nº 33.302.107 Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27878 – Sumoas), por morte de un xato, por importe de 120,00€.

D. 11) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda

según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López, con D.N.I. nº 76.564.029 L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 – Monte), por morte de un xato, por importe de 200,00€.

D.12) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO MAR CANTABRICO DE GARAXES E SEMISOTANO DE VADO PERMANENTE EN C/CAMIÑO REAL, 20 XOVE PARA ENTRADA A GARAXE.

Vista solicitude formulada por D. Tomás Rodríguez Rapa en representación da Comunidade de Propietarios *Edificio Mar Cantábrico de Garaxes*, con domicilio en Calle Tomás Mariño Pardo, 1 (Xove), que solicita un vado permanente para entrada de vehículos en C/ Camiño Real, 20 (Xove) con unha anchura de 3 metros.

Expediente:764/10.

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal que se transcribe de seguido:

“1º.-Infórmase favorablemente a concesión do vado que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.

2º.-O rebaxe e pintado de beirarrúa efectuarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vao.

3º.-Si as obras realízanas os servizos de obras municipais o custo dos traballos rexiranse de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.”

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.13) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO MAR CANTABRICO PORTAL Nº1 DE VADO PERMANENTE EN TRAVESÍA CALLE TOMAS MARIÑO PARDO Nº 1.-XOVE.

Vista solicitude formulada pola *Comunidade de Propietarios Edificio Mar Cantábrico Portal nº1* con C.I.F. H27401477, con domicilio en c/ Tomás Mariño Pardo, 1 (Xove) que solicita un vado permanente para entrada de vehículos ó garaxe sito na travesía calle Tomas Mariño Pardo Nº 1.-Xove, con unha anchura de 3 metros,.

Expediente 106/10.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal seguinte: *“Comparecido o técnico que suscribe na parcela e beirarrúa correspondente ao vado que se solicita, puido constatarase:*

1º. –O Vado se solicita, ven propiciado polo aparcamento continuado de vehículos no acceso ao vial transversal, impedindo o acceso a súa edificación e portal ubicado na devandita rúa transversal.

2º. –Habida conta que en dito vial, Tomás Mariño Pardo, se pretende levar a cabo a realización de un paso de peóns, que evitaría ó aparcamento continuado dos vehículos, no acceso ao vial transversal, e polo que se entende que con independencia da realización de ditas obras, procede a concesión de dito vado, para o cal non se va a realizar obras, mais que a sinalización do mesmo.

3º.-Faise constar asimesmo a existencia dunha sinal de dirección prohibida nesta rúa agás para os residentes.”

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) A notificación ó interesado os efectos procedentes.

D.14) SOLICITUDE DE D. FERNANDO MENDAÑA FERNANDEZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO A NOME DE D. FERNANDO MENDAÑA RODRIGUEZ.

Vista solicitude de D. Fernando Mendaña Fernández, con DNI 33.706.063-T, con domicilio en Rúa D.José Baamonde Illade, 2 (27870 Xove), de cambio de titularidade de vado permanente ubicado en Avda. Diputación N° 72.-XOVE.- (Vado Permanente n° 7), para que pase a ser novo titular D. Fernando Mendaña Rodríguez.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, que sinala o seguinte:

“CAMBIO DE TITULAR DE VADO PERMANENTE .

- SOLICITANTE: D. FERNANDO MENDAÑA FERNANDEZ. -
- EXPEDIENTE: 395/10
- SITUACION: AVDA DIPUTACION N° 72.-XOVE.- Acceso por la Rúa D.José Baamonde Illade

INFORME:

Comparecido o técnico que subscribe na parcela e beirarrúa o vao da cal se solicitou o cambio de titularidade, puido constatar:

1º.-Na actualidade o vado permanente cuio cambio se solicita, consta a nome do solicitante, Fernando Mendaña Fernández.

Que non se ve inconveniente algún para o cambio de titularidade que se solicita pasando o mesmo a nome de D. Fernando Mendaña Rodríguez.”

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade de vado permanente de D. Fernando Mendaña Fernández sita en Avda. Diputación N° 72.-Xove para que sexa substituído como titular D. Fernando Mendaña Rodríguez.

2º Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

D.15) SOLICITUDE DO CLUB DE TENIS PALMEIRO DE AXUDA ECONÓMICA PARA ACTIVIDADE 2010.

Visto o escrito de D. Marcelo Gradaille Chao, como Presidente do Club de Tenis Palmeiro, con domicilio a efectos de notificación en C/ Tomás Mariño Pardo, 1 Portal 1 4ºG (27870 Xove) no que solicita unha subvención para o financiamento de actividades deportivas.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 341.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 1.000 € para o financiamento de actividades deportivas 2010.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 700€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 1000€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.16) ACORDO DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POR MIGUEL AGRÍCOLA S.L. POR ADQUISICIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE XOVE DE MAQUINA LIMPA-PLAYAS.

Visto solicitude de D. José Luís Rodríguez Laxe, en representación da empresa Miguel Agrícola S.L. en relación á petición de devolución de garantía definitiva constituída mediante ingreso directo por importe de 255.200 Pesetas, para responder como adxudicatario do procedemento de licitación incoado para o suministro dunha máquina limpa-praias.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º) A devolución da garantía constituída pola empresa Miguel Agrícola, por importe de **255.200 Pesetas**, para responder ante o Concello de Xove pola adquisición por parte do Concello de unha máquina limpa-praias Barber SurfRake .

2º) Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

D.17) SOLICITUDE DE D. PABLO BERMÚDEZ GONZÁLEZ DE VADO PERMANENTE PARA EXPOSICIÓN DE MOTOS EN C/ TOMÁS MARIÑO PARDO (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Pablo Bermúdez González, con D.N.I. nº: 76.556.436-Q con domicilio en Pumariño, 5 (27870 Xove) que solicita un vado permanente para unha entrada de vehículos para exposición de motos en C/ Tomás Mariño Pardo, 1 baixo (Xove) con unha anchura de 5 metros, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.18) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A CAMBA-XUANES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº 76.569.629 F, con enderezo no Camba, 22 (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/09/2009 ó 28/2/2010, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase: 1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.19) SOLICITUDE DO EQUIPO DE FÚTBOL U.D. XOVE LAGO DE AXUDA ECONÓMICA PARA O ANO 2010.

Visto o escrito de D. Jesús Angel Ben Canoura, como Presidente da U.D. Xove-Lago con domicilio a efectos de notificación en Acc. Campo de Fútbol S/N (27870 Xove) no que solicita unha subvención para o financiamento da actividade deportiva do clube.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 341.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 50.000 € para o financiamento da actividade deportiva (Fútbol).

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 35.000 € correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 50.000€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprí-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

